



Apúntate á compostaxe



**MÁIS DO
50%
DO LIXO É
COMPOSTABLE**

O lixo orgánico que se xera nos fogares pode ser aproveitado e retornado á terra en forma de fertilizante para as plantas e os cultivos

Para máis información consulta á mestra ou mestre composteiro do teu concello



CALDAS
DE REIS



MOAÑA



PONTEVEDRA



revitaliza

Apúntate á compostaxe

➤ QUE É A COMPOSTAXE?

É a maneira de converter os restos de comida e vexetais en fertilizante natural. Para compostar é preciso mesturar o lixo orgánico con restos leñosos e secos de podas, serraduras, follas...

➤ POR QUE COMPOSTAR?

É preciso apostar pola compostaxe por unha cuestión de concienciación medioambiental, porque compostando redúcese a cantidade de lixo que acaba no vertedoiro ou se incinera. Compostar é un proceso doado de facer e que ten un custo económico mínimo comparado con outros sistemas de xestión do lixo, xa que permite aos concellos aforrar na recollida, no transporte e no propio tratamento.

➤ ONDE COMPOSTAR?

Neste momento a veciñanza pode compostar nos centros comunitarios que a Deputación xa instalou nos concellos de Baiona, Barro, Bueu, Caldas, Cambados, Cangas, Gondomar, O Grove, Illa de Arousa, Moaña, Pontearreas, Pontevedra, Redondela, Ribadumia, Salceda de Caselas, Sanxenxo, Soutomaior, Tomiño, Tui, Vilaboia e Vilagarcía.

En vindeiras datas está previsto que os concellos de Campo Lameiro, Catoira, Cuntis, Mondariz, Mondariz Balneario, As Neves, Oia, Ponte Caldelas, Porriño, Rodeiro, Rosal, Salvaterra, Silleda e Valga se sumen á iniciativa.

Cada composteiro comunitario dá servizo a entre 60 e 300 veciñas e veciños.

➤ COMO COMPOSTAR?

Para compostar o único que hai que facer é separar ben o lixo na casa, depositar a parte orgánica (restos de comida e vexetais) nunha bolsa, ir ao composteiro máis próximo e verter ese lixo orgánico no seu interior. A bolsa plástica debe depositarse na papeleira situada ao lado do composteiro, nunca dentro deste.

Se así se desexa, tamén se pode botar o estruturante (restos de poda seca que hai nun recipiente anexo) por riba dos restos orgánicos. En calquera caso, haberá persoal técnico especializado (unha mestra ou mestre composteiro), que sempre se encargará de facelo.

➤ QUE RESIDUOS BOTAR NO COMPOSTEIRO?

Pódense botar os restos de comida crúa ou cociñada, restos de xardín, posos de café e restos de infusións, filtros e panos de papel (sen tinta), la en bruto, cortes de pelo etc. Nunca se poden botar ao composteiro materiais sintéticos ou químicos nin aqueles que non sexan biodegradables (vidro, metal, plástico), aglomerados de madeira, deterxentes, medicamentos...

➤ QUEN SE OCUPA DE QUE TODO SAIA BEN?

A mestra ou mestre composteiro é a persoa que vixía que a compostaxe se faga correctamente. Controla que as proporcións de lixo orgánico e de estruturante sexan correctas, vixía a humidade, a temperatura e a aireación no proceso, para aumentar a calidade do compost final e tamén resolve calquera dúbida da veciñanza.